

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E ECONOMÍA SOCIAL

3762 *Real decreto 144/2021, do 9 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 221/2008, do 15 de febreiro, polo que se crea e se regula o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas.*

I

O Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas (CERSE) está actualmente regulado polo Real decreto 221/2008, do 15 de febreiro, polo que se crea e se regula o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas, modificado polo Real decreto 1469/2008, do 5 de setembro, que lle deu o carácter de órgano colexiado interministerial, asesor e consultivo do Goberno en materia de responsabilidade social.

A execución da sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo, do 16 de xuño de 2010, obriga a modificar o citado Real decreto 221/2008, do 15 de febreiro, ao declarar nulo o inciso final do artigo 5, letra c, en relación co carácter «máis representativo» das organizacións sindicais. Os efectos anulatorios, segundo o disposto no artigo 72.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, tiveron lugar desde o día en que a sentenza foi publicada.

Por medio do presente real decreto artículase unha serie de medidas para facilitar o funcionamento do Consello, en particular no que respecta á toma de decisións, para axilizar o cumprimento das súas funcións como órgano asesor e consultivo do Goberno.

Doutra banda, incorpóranse os cambios producidos na estrutura, nas competencias e denominacións dos departamentos ministeriais e, moi especialmente, o disposto polo Real decreto 499/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Trabajo e Economía Social, e se modifica o Real decreto 1052/2015, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura das consellerías de Emprego e Seguridade Social no exterior e se regula a súa organización, as funcións e a provisión de postos de traballo, e se inclúen fórmulas que permiten unha actuación máis áxil deste órgano colexiado, ao artellar sistemas para resolver as cuestións que se presentaron desde a súa constitución.

Por último, incorpórase a perspectiva de xénero, a través da composición paritaria do Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas, da inclusión de asociacións, consellos ou organizacións do ámbito da igualdade e do emprego de linguaxe non sexista.

En atención ao exposto, modifícase a alínea a) do artigo 4.1, o artigo 5, o artigo 7, o número 2 do artigo 8 e o número 2 do artigo 10 do Real decreto 221/2008, do 15 de febreiro, así como a súa disposición adicional primeira. Así mesmo, engádese unha disposición adicional segunda sobre o uso de linguaxe non sexista e unha disposición adicional terceira sobre referencias orgánicas.

II

O Real decreto 221/2008, do 15 de febreiro, polo que se crea e se regula o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas, foi ditado ao abeiro do disposto nos artigos 38, 39 e 40 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que actualmente se corresponden cos artigos 19 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Na súa disposición derradeira primeira establece que se autoriza o ministro de Trabajo e Asuntos Sociais, actualmente ministra de Trabajo e Economía Social, para ditar cantas normas sexan necesarias para a execución do disposto no dito real decreto.

O presente real decreto axústase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, baixo os que deben actuar as administracións públicas no exercicio da potestade regulamentaria. A busca dunha maior axilidade na actuación deste órgano colexiado interministerial responde ao interese xeral de que sirva con idoneidade as súas funcións asesoras e consultivas do Goberno en materia de responsabilidade social das empresas, seguindo os principios de necesidade e eficacia.

En virtude do principio de proporcionalidade, o real decreto contén a regulación imprescindible para que o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas cumpra cos obxectivos e coas funcións que ten encomendadas e incorpora, así mesmo, o enfoque de xénero a través da composición equilibrada de mulleres e homes en toda a súa estrutura.

A materialización da execución da sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo, do 16 de xuño de 2010, en relación coa representación das organizacións sindicais, a adecuación á normativa recente, como aos mandatos establecidos nas disposicións adicionais primeira e segunda da Lei 11/2018, do 28 de decembro, pola que se modifica o Código de comercio; ao texto refundido da Lei de sociedades de capital aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e á Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, en materia de información non financeira e diversidade, así como a adaptación á estrutura administrativa vixente, reforzan o principio de seguridade xurídica. En particular, a incorporación do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 ao Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas aumentará a súa complementariedade co Consello de Desenvolvemento Sustentable e co deseño e desenvolvemento de políticas, estratexias e actuacións favorecedoras da diversidade, da responsabilidade social e da sustentabilidade.

En aplicación do principio de eficiencia non se xeran cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalízase a xestión dos recursos públicos.

Do mesmo xeito, durante o procedemento de elaboración da norma, articulouse a participación activa das persoas e entidades potenciais destinatarias, a través dos trámites de audiencia e información públicas, así como a consulta directa aos interlocutores sociais, asociacións e entidades implicadas, incluídas as comunidades autónomas e cidades autónomas e as entidades locais a través da Federación Española de Municipios e Provincias, nos termos do artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo e Economía Social, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 221/2008, do 15 de febreiro, polo que se crea e se regula o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas.*

O Real decreto 221/2008, do 15 de febreiro, polo que se crea e se regula o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas, queda modificado nos seguintes termos:

Un. A alínea a) do artigo 4.1 queda redactada da seguinte forma:

«a) Emitir informes e elaborar estudos, xa sexa en cumprimento dun mandato legal, por solicitude do Goberno ou por iniciativa propia».

Dous. O artigo 5 queda redactado da seguinte forma:

«1. O Consello estará composto:

- a) Pola Presidencia, que será asumida pola persoa titular do Ministerio de Traballo e Economía Social.
- b) Por catorce vogalías en representación das organizacións empresariais.
- c) Por catorce vogalías en representación das organizacións sindicais.
- d) Por catorce vogalías en representación doutras organizacións e institucións de recoñecida representatividade e interese no ámbito da responsabilidade social das empresas. Para estes efectos terase en conta a representación de entidades sen ánimo de lucro que reúnan, entre outros, os seguintes criterios: experiencia e actuación en distintos aspectos da responsabilidade social, dimensión xeográfica das súas actividades e volume de recursos destinados a elas. Tamén se terán en conta, entre outros, a representación das asociacións, dos consellos ou das organizacións dos campos dos consumidores, o ambiente, a discapacidade, a igualdade, a non discriminación e o respecto á diversidade, á infancia e á economía social. Así mesmo, considerarase a representación de institucións académicas recoñecidas pola súa actividade docente, de investigación e de asesoramento neste ámbito, as persoas expertas independentes e as fundacións ou asociacións dedicadas especificamente a cuestións de responsabilidade social das empresas.
- e) Por catorce vogalías en representación das administracións públicas, das cales dez serán da Administración xeral do Estado, tres serán en representación das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, designadas pola Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e unha designada pola asociación de entidades locais máis representativa de ámbito estatal, en representación das entidades locais.

As dez vogalías correspondentes á Administración xeral do Estado distribuiranse da seguinte forma, con rango mínimo de dirección xeral:

Vogalías permanentes que corresponderán aos seguintes ministerios: de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; de Facenda; de Traballo e Economía Social; de Industria, Comercio e Turismo; de Política Territorial e Función Pública; para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; de Asuntos Económicos e Transformación Dixital; de Dereitos Sociais e Axenda 2030; e de Igualdade.

A vogalía restante será asumida, de forma rotatoria, con carácter anual e seguirá a orde de precedencia polos seguintes ministerios: de Educación e Formación Profesional; de Agricultura, Pesca e Alimentación; de Consumo; e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

2. Designarase unha persoa suplente para cada unha das vogalías do Consello, salvo para as persoas expertas independentes que carecerán de suplente, que as substituirán cando non poidan asistir ás reunións convocadas. No caso da representación dos departamentos ministeriais, as persoas suplentes deberán ter nivel, polo menos, de subdirector ou subdirectora xeral.

3. A Secretaría do Consello será asumida pola persoa titular da Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas, ou pola persoa que a substitúa de conformidade co artigo 10.2, que poderá dispor da asistencia de persoal de apoio co obxecto de cumprir coas tarefas da Secretaría establecidas no artigo 14.

4. As vogalías do Consello e os seus suplentes serán nomeadas pola persoa titular do Ministerio de Traballo e Economía Social, por proposta dos respectivos departamentos ministeriais, das organizacións ou entidades, das comunidades autónomas e das cidades autónomas e da asociación de entidades locais máis representativa de ámbito estatal, e o seu cesamento producirase na mesma forma ca o seu nomeamento.

A composición do consello será paritaria en toda a súa estrutura e garantirase unha composición equilibrada de mulleres e homes, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas. Garantirase a paridade nas designacións de cada unha das organizacións que compoñen o Consello que teñan que designar máis dunha persoa representante.

A duración máxima do mandato das vogalías a que se refiren as letras b), c), d) e e) do número 1 será de catro anos, salvo nos supostos das vogalías rotatorias correspondentes á Administración xeral do Estado e da representación das comunidades autónomas e das cidades autónomas, cuxa duración do mandato será anual. As vogalías poderán ser reelixidas tras o seu mandato».

Tres. O artigo 7 queda redactado da seguinte forma:

«1. O Pleno do Consello reunirase, polo menos, dúas veces ao ano en sesión ordinaria e, de forma extraordinaria, cando así o acorde a Presidencia, por iniciativa propia ou por solicitude das tres quintas partes do Pleno, ou das tres quintas partes da Comisión Permanente.

2. O Pleno poderá elaborar as súas propias normas de funcionamento no marco do disposto polo artigo 15 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e adecuará o seu funcionamento, mentres non se doten de tales normas específicas, ao disposto na lei.

3. Sen prexuízo de propiciar a adopción de decisións por consenso, os acordos do Pleno serán adoptados por maioría simple dos seus membros presentes.

4. Correspóndelle ao Pleno a aprobación dos informes, estudos, das propostas e iniciativas do Consello, que non terán carácter vinculante, así como a aprobación da memoria anua do consello a que se refire o artigo 4.1. b) deste real decreto».

Catro. O número 2 do artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«2. Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal de imposibilidade de asistencia, a Presidencia do Consello será substituída pola persoa titular da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social do Ministerio de Traballo e Economía Social».

Cinco. O número 2 do artigo 10 queda redactado da seguinte forma:

«2. Nos casos de ausencia, vacante, enfermidade ou outra causa legal de imposibilidade de asistencia da Secretaría, substituiraa quen dispoña o Regulamento de réxime de funcionamento».

Seis. A disposición adicional primeira queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional primeira. *Normativa aplicable.*

No non previsto no presente real decreto será de aplicación o disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público».

Sete. Engádesse unha nova disposición adicional segunda co seguinte teor literal:

«Disposición adicional segunda. *Linguaxe non sexista.*

De conformidade co artigo 14.11 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que establece como criterio xeral de actuación dos poderes públicos a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo, todas as referencias ao presidente e ao secretario do Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas e, en particular, as contidas nos artigos 5 ao 8, 10, 11 e 14 do presente real decreto entenderanse feitas á Presidencia e á Secretaría, respectivamente».

Oito. Engádese unha nova disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Referencias orgánicas.*

As referencias que se fan neste real decreto ao extinguido Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, á Secretaría Xeral de Emprego e á Dirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e do Fondo Social Europeo deben entenderse efectuadas ao Ministerio de Trabajo e Economía Social, á Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social e á Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas, así como á persoa titular do Ministerio de Trabajo e Economía Social e á persoa titular da Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas».

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de marzo de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Trabajo e Economía Social,
YOLANDA DÍAZ PÉREZ